

Concello de Covelo

EXTRACTO do Acordo da Xunta de Goberno Local, pola que se aproban as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de axudas municipais en concorrència competitiva destinadas ó Apoio á Natalidade no Concello de Covelo 2024 BDNS (Identif.): De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

Primeiro. Persoas beneficiarias:

Serán persoas beneficiarias destas axudas as nais ou pais que teñan ou adopten unha filla ou fillo e cumpran os seguintes requisitos:

1. **As nais e pais, deberán estar empadroados no concello de Covelo** e, polo menos unha delas, deberá estar empadroadada no concello de Covelo cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 9 meses. Esta situación comprobarase de oficio dos datos obrantes no padrón de habitantes municipal.

As nenas ou nenos nados, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do concello de Covelo.

2. A nai, pai e as fillas e fillos deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, tanto eles como as súas fillas ou fillos, por un período de 2 anos dende o nacemento ou adopción.

3. O **empadramento suporá a residencia efectiva**, polo que tanto as persoas beneficiarias como as súas fillas e fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Covelo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

4. Que a renda da unidade familiar, sumada a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2023 non supere os 45.000 €. No suposto de que esta contía fora superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xerais e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 €.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará persoa computable aquela que non conviva co fillo/a, **agás nos casos de custodia compartida**. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella.



Concello de Covelo

- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: calcularase segundo o procedemento especificado na Base 2.4.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar.

5. Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias co Concello de Covelo.
6. Atoparse ao corrente no cumprimento das demais obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
7. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo concello de Covelo no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
8. Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
9. Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
10. Non estar incurso nalgunhas das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Segundo. Finalidade: É obxecto das presentes bases regular a convocatoria pública por parte do concello de Covelo, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ó fomento da natalidade no concello de Covelo no ano 2024. Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias, mediante procedemento ordinario en réxime de concorrència competitiva, para sufragar parcialmente os custos derivados do nacemento e/ou adopción das nenas e dos nenos empadroados no Concello de Covelo.

Terceiro. Bases Reguladoras: Acordo da Xunta de Goberno local de 13/09/2024 polo que se aproban as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de axudas municipais en concorrència competitiva destinadas ó apoio á Natalidade no Concello de Covelo 2024.

Cuarto. Importe: As axudas serán como máximo de 500 euros por cada filla ou fillo nado ou adoptado entre o 1 de decembro de 2023 e o 30 de novembro de 2024. No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto ratearase entre as solicitudes admitidas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes comezará dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a LXS (arts. 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de



Concello de Covelo

2015) ou ó seguinte ó que se produciu o nacemento ou adopción e finalizará o 1 de decembro de 2024.

Covelo, a data que figura na marxe

O ALCALDE-PRESIDENTE DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

